

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DE 28 DE MARZO DE 2005

1.- Solicitudes de licencias de obras.

Favorables.-

622/04.- José Manuel Blanco Barreiro.- Rehabilitación na R/ San Pedro núm.78, e apertura (LAP/73/04) de comercio de libros no baixo deste inmovible.

7/05.- Raigaño, S.L, repr. D. José M. Piñeiro Guerra.- Legaliz. aos efectos de 1ª ocupación. na R/ Guadalupe.

1137/04.- Aurora González Vázquez.- Reconstrucción interior de edificación sita na R/ Benéfica de Conxo núm.3 (2 viv.).

2948/04.- Vicente García Porto, S.L.- Edificio (9 viv.) na R/ Sánchez Freire c/v R/ Xosé Pasín.

210/04.- Angel Pardo Fidalgo.- Reestructuración e ampliación edificación na R/ San Pedro núm.116.

522/05.- Lino Fco. Javier Souto Bermúdez.- Legaliz. aos efectos de 1ª ocupación de edificio na R/ Fonte de Santo Antonio núm.15.

3061/04.- Estrella Garabal Piñeiro.- Rehab. Viv. unif. na parcela 117-A, segregada de parcela matriz en Valado-Barciela.

3062/04.- José Manuel Piñeiro Guerra.- Viv. unif. no Lugar de Marantes, Travesa, na parcela resultante 936-2.

3063/04.- José Manuel Piñeiro Guerra.- Viv. unif. no Lugar de Marantes, Travesa, na parcela resultante 936-3.

2423/04.- Zielsa, S.A.- Derruba na R/ Casas Novas núm.19.

2573/04.- Consorcio da Cidade de Santiago.- Rehabilitación Convento de San Paio de Antealtares.

165/04.- Arcebispado de Santiago.- Reforma de despacho parroquial da Igrexa do Pilar na Avda.de Xoan Carlos I.

2405/04.- Paradores de Turismo de España, S.A.- Reforma duna habitación no Hostal dos Reis Católicos na Praza do Obradoiro.

3.- Adxudicación das obras de reurbanización da rúa Ramón Cabanillas .

Acórdase adxudicar as obras de reurbanización da rúa Ramón Cabanillas á empresa Arias Hermanos S.A. polo importe de 367.612,86 euros (IVE incluído) ao ser a oferta máis vantaxosa das presentadas.

4.- Adxudicación das obras de reurbanización da rúa Diego de Muros e Rodriguez Carracido.

Acórdase adxudicar as obras de reurbanización da rúa Diego de Muros e Rodriguez Carracido, nos tramos non incluídos como afectos á execución do aparcamento soterrado da Praza Roxa-Agros de Ramírez, á empresa Aquagest S.A. polo importe de 374.986,71 euros (IVE incluído) ao ser a oferta máis vantaxosa das presentadas.

5.- Proposta do Concelleiro Delegado de Infraestructuras relativa á adxudicación das obras de reforma do arco de Rueiro de Figueiriñas. Carne de Abaixo.

Acórdase adxudicar as obras de reforma do arco de Rueiro de Figueiriñas no Carne de Abaixo, á empresa NEOR S.A. polo importe de 13.933,91 euros (IVE incluído).

6.- Proposta do Concelleiro Delegado de Infraestructuras relativa á adxudicación das obras de canalización de cuneta e acondicionamento de lavadoiro en Laraño.

Acórdase adxudicar as obras de canalización de cuneta e acondicionamento de lavadoiro en Laraño á empresa Eulogio Viñal Obras y Construcciones S.A. polo importe de 18.200,91 euros (IVE incluído).

7.- Proposta do Concelleiro Delegado de Infraestructuras relativa á aprobación do proxecto, prego e inicio do expediente de contratación das obras de reparacións puntuais do pavimento nos barrios de Sar e Angrois .

Acórdase aprobar o devandito proxecto e o inicio do expediente de contratación das obras de reparacións puntuais do pavimento nos barrios de Sar e Angrois polo importe de 53.732,62 euros e cun prazo de execución de mes e medio.

8.- Adxudicación da asistencia técnica para a elaboración dun proxecto de expropiación dos terreos necesarios para a execución das obras de saneamento da conca do río Arins.

Acórdase adxudicar a asistencia técnica para a elaboración dun proxecto de expropiación dos terreos necesarios para a execución das obras de saneamento da conca do río Arins á empresa INCOFER S.L. polo importe de 44.631 euros (IVE incluído).

9.- Proposta do Concelleiro Delegado de Transportes relativa á prorroga por un mes do contrato de prestación do servizo de facturación da estación de autobuses.

Considerando a finalización do contrato de prestación do servizo de facturación da estación de autobuses -suscrito coa empresa UTE Arriva, Monforte e Intercar- o próximo 31 de marzo de 2005 e sendo necesario continuar coa prestación do mesmo mentres se realizan os trámites pertinentes para a adxudicación da nova prestación, acórdase a prorroga polo prazo dun mes deste contrato, nas mesmas condicións do contrato orixinario, incrementando o prezo coa variación do IPC correspondente.

10.- Proposta do Concelleiro Delegado de Promoción Económica relativa á adxudicación da Asistencia técnica para a posta en marcha dunha rede de cooperación local.

Acórdase adxudicar a asistencia técnica para a posta en marcha dunha rede de cooperación local á empresa Soluziona polo importe de 27.840,00 euros (IVE incluído).

11.- Revisión do prezo do contrato de prestación do servizo de conservación e mantemento de zonas verdes para o ano 2005.

Acórdase a devandita revisión para o presente ano, desde o primeiro de xaneiro de 2005, cun incremento relativo de decembro 2003 a decembro do 2004 do 3,2%, de xeito que os novos importes pasan a ser como segue:

Ano 2005.-

1,93538 euros/m²/ano céspede..... 1.087.901 m²
16,46037 euros/unidade/ano alcorque..... 3.815 unidades
22,53914 euros/unidade/ano xardineiras.....37 unidades
(IVE incluído)

Canon 2005: 2.169.132,10 euros/ano

12.- Revisión de prezos do contrato de aluguer de local destinado á Asociación Cultural Virxe de Guadalupe.

Acórdase a devandita revisión conforme á variación do IPC no período febreiro 2004/febreiro 2005 (3,3%) polo que o novo prezo pasa a ser 422,57 euros/ mes (máis IVE)

13.- Informe sobre o proxecto de Ordenanza reguladora do transporte urbano de viaxeiros.

Acórdase aprobar o texto da "Ordenanza do servizo de transporte urbano colectivo en autobús da cidade de Santiago de Compostela".

URXENCIAS.-

-A proposta da concelleira de centros socioculturais acórdase aprobar o XVII programa de teatro e títeres para os centros socioculturais, cun orzamento de 5.010 euros

-A proposta da concelleira de centros socioculturais acórdase aprobar o gasto de actividades para o meses de abril, maio e xuño na rede de centros socioculturais (bibliotecas, clubs, exposicións, actividades musicais,...) cun orzamento de 44.710 euros.

-A proposta da concelleira de Emigración e Inmigración acórdase aprobar a realización das xornadas "Mira cos mesmos ollos" os próximos días 6, 7 e 8 de abril, cun orzamento de 7.362,20 euros.

-A proposta do concelleiro de Relacións Veciñais acórdase aprobar as bases para o outorgamento de subvencións para os proxectos de actividades, publicacións periódicas e gastos de funcionamento programadas polas asociacións de veciños inscritas no Rexistro de entidades do Concello de Santiago. A partida económica adicada a este obxecto é de 80.000 euros.